

A NOSA TERRA



FERRER - CORUÑA

¡Lástima de bois!, por CASTELAO

No DIA DE GALICIA

COLEGIO DEQUIDT

AVENIDA XOAN FLÓREZ, 96—TELÉFONO 330

FUNDADO NO ANO 1850

O máis antigo da Hespaña

Edifícios e Parques da sua propiedade con unha capacidade de 10.000 metros. Automóvil propiedade do Colegio pra o servizo dos alumnos. **27** Mestres de Segundo Ensiño. Mestres auxiliares. **O Primeiro Ensiño**, coidadosamente atendido, está baixo a inspección dos directores, dándolle a esta preparación a outa importancia que tén, por tratarse da base para os estudos do porvir. A sección de **Párvulos** ao cárego de **Señoritas Titoladas**.

Este Colegio, e a Sucursal que ten no **Ferrol**, son somente os que tiveron a aprobación total dos alumnos que foron presentados ao examen de **Ingreso** na convocatoria de **Xunio** próximo pasado.

Con moito agrado respondemos a cantas preguntas nos fagan. Pídanse Folletos, Reglamentos e a Revista mensual que publica este Colegio.

Sección de Señoritas

Esta Sección, independente de total-as demáis, conta con un profesorado completo, e a mesma asisten as fillas das mais importantes familias d-esta localidade.

Idioma **Francés** obrigado a cárego de profesoras francesas titoladas.

Sección do Comercio Práctico

Esta Sección, a mellor montada da Hespaña e a outura das mellores do estranxeiro, conta con un numeroso e bó profesorado.

Os nosos alumnos son solicitados por casas comerciais da **América** e da **Europa**, estando moitos d-eles colocados en importantes casas de banca e comerciais ocupando os mellores postos.


O método noso evítalle ao alumno os anos de práctica que xeneralmente perden despois de rematados os seus estudos, entrando xa como empregados de plantilla.

Temos no noso poder testimonios de agradecimento dos nosos antigos alumnos e moitas emboras dos xefes de importantes establecementos.

O derradeiro ano de preparación, é esencialmente práctico, pra o que contamos con unha ben montada **Oficina Práctica Mercantil**.

Ao rematar os estudos o Colegio entrega a cada alumno un título de **Perito Comercial**, que por si solo é a mellor garantía da nosa preparación, xa que nós somos os primeiros interesados en que cada alumno cumpra a perfección o seu cometido.

En total-as Seccións adémítense alumnos internos, medio pensionistas externos y externos vixilados.



Automóvil propiedade do Colegio

A NOSA TERRA

BOLETIN DECENAL

Idearium das Irmandades da Fala en Galicia e nas colonias galegas d'América e Portugal

PREZOS DE SUSCRIZÓN

Na Cruña ó mes, 40 cts. Fora trimestre, 1'50 ptas.
Coste d'un número, 15 » América id.... 2 »
PAGO ADIANTADO

NUMERO 124

A CRUÑA 25 DE XULIO DE 1920

Redacción e Administración:

PLAZA DE MARIA PITA, 17, BAIXO
(Irmandade da Fala)

Alborada

A "NOSA TERRA", cumprindo un acordo da II Asamblea Nazonalista de Compostela, i-obedecendo ordes do Directorio, do que é orgo oficial, oxe festexa chea de ledicia reloucadora, o "DIA DE GALICIA". Esta data do 25 de Santiago, en todol-os logares do mundo onde lãtexa un peito galego, é data de lembranza da Patria natural que dende antigo, como agora e sempre, ha ser a única patria verdadeira do home.

Arela a "IRMANDADE", espallada por todol-os pobos da nazón de Breogán, facer canfo seia abranguibre, para que dentro de poucos anos, o 25 de Xulio, non haxa fogar galego, aldean ou vilego, que deixe d'esteriorizar o seu patriotismo no "DIA DE GALICIA".

A Cruña, a capital da Nosa Terra, escomenza a dal-o exemplo. No ano veñideiro, imitaránn-a total-as cidades galegas.

Cómprenos, porén, na data xurdia d'oxe, saudare con moito amore, con fraterno agarimo, a todol-os queridos irmáns na Grande Obra, qu'eisi chamáballe Antolín Faraldo á da redenzón da Terra asoballada.... Cómprenos tamén ofrendarlles unha lembranza cordial ás nazonalidades irmás da Iberia, Portugal libre e Cataluña i-Euskadi arelosas de se ceibaren pra conseguir o rèxime de seu que pra nós tamén nosco cubizamos....

Mas a lembranza máis do íntimo, a lembranza que deita de xeito maormente cristaiño do fondo da nosa i-a'lma é a que, fixada con sangue do curazón, temos pra Irlanda, irmá nosa e nosa mestra anaco latexante i heróico do tronco celta, oxe callado de mestos loureiros tinguidos de roxo, quehan cinguir a raza común i-aldraxada de cote co'a coroa trunfal que so merecen os xurdios «epos» alumeadores da Hestoria....

Irmáns, amigos i-enimigos: faigamos votos no "DIA DE GALICIA", porque a nosa terra chegue a conquistar o imperio'espritoal na futura e gloriosa civilización atlántica que xa encomenza a xurdire enchen do da diviña saudade, "do que foi e do que agardamos", o curazón dos bós e xenerosos....

¡E o momento hestórico "de ser ou non ser" prá terra na que fomos nados nos e nosos pais i-abós!

Xulio

Semana 28

7

1920—Dend'a perda das nosas liberdades se non tiña falado na língua patria de xeito oficial, até esta data na que posesionouse do càrrego de concejall cruñés Lois Peña Novo, o primeiro edil nazonalista galego

Miércoles

O NOSO DÍA

Pol-a derradeira Asambreira qu'en Compostela xuntou ós nazonalistas, foi acordado facer "Día da Patria" o 25 do mes de Santiago.

Pra cantos sinten e teñen idea da "propia estimazón", pra quen o amor de nai é a realidade mais viva e mais sagra, ese santo día representará o principio do fin tanto tempo desexado pol-os verdadeiros galegos. N'el comezará unha nova vida na que a cruzada dos povos traballadores pra conquistar a libértá de traballar e a sobranía nazonal, non serán xa impedidas pol-as vampirescas oligarquías centralistas.

A lei humana, qu'é lei de xustiza e de moralidade, lei providencial, endexamais será esquecida na loita que se aveciña.

Séculos de saquéos e de rapiñas caciquís depauperaron unha raza escelsa abrindo unha fuma "d'abismás proporcións" na que os mais caros e outos valores foron sepultados, condenando xenerazón tras xenerazón, sin rozar siquera os mais pequenos problemas de vida da nazón galega.

En troques, as facendas de todos ou coasi todos os. Axuntamentos, así com'as de todas as Diputacións provinciais, están pragnadas de vergonzosos "déficits" que no abandono en qu'a razón se acha son o maior crime, o mais negro atentado contra humanidade xa que arrastra aquela de tal xeito a cadéa sin fin de toda sorte d'esclavitudes.

Porque... ¿qué ven á ser á verdadeira representación d'ese déficit? ¡¡¡O mais cruel, a mais inico, o mais desastroso dos impostos!!!

Por mór d'el estabamos a punto de chegar á desnazonalización, ou á desgalleguización, que tanto da.

Afortunadamente, o patriotismo das "Irmandades" dándose conta do perigo e das dificultades dos instantes que corremos, coraxudamente, como corresponde ó seu rexo carácter e férrea organización, con oportunidade providencial fixou un día que ben se pode chamar de "salvamento" pra que os fillos de Galiza, calquera que sexa o seu estado, sitio ou condición, "mediten" sobre as necesidades da súa terra, modo de ser atendidas pol'os que s'alcuman seus representantes, razóns qu'a levan á emigración, causas que determinaron a liberdade das quintas pol'o roubo d'os pobres aforros campestres; o porqué s'opoñen a maor parte dos toparcas ó cumprimento do Real Decreto últimamente ditado sobre os Consumos; por qué o Hospital de Santiago, tendo medios propios e ciruxanos eminentes, está feito unha lástima; motivos qu'e existen pra que un segredario infame, ladrón e adúltero con escándalo público, non sexa pr'ascamento dos seus subordinados, definitivamente arredado d'un cárrago d'endo que tanto dano está facendo, poñendo a diario a lei por monteira; etc., etc.

Meditando nas causas que se opoñen ó desenvolvemento do xenio nazonal, e na razón de ser de Galiza, é como se conseguirá que a i-alma do país, qu'é a Patria, non teña que sentir por mais tempo no corpo en que vive, as lacerias qu'este tuvo que lle transmitir.

Os nazonalistas firmes no seu propósito, dispostos a todos os sacrificios pol'o ben de Galiza, festexan este día 25 de Santiago, dando pra todos os galegos que merezan tan outo nome, esta consina: "Soño a i-alma da nosa terra é a quen tendes que obedecere".

O de mais... ¡m!

F. VAZQUEZ ENRIQUEZ.

Compostela, mes de Santiago de 1920.

¡Os tempos son chegados!

Eisí, dixerá o bardo profetizando unha nova Galicia, grande e forte; a profecía comenza a ter efecto; Galicia, a nosa que-

rida Patria, xurde punxante á nova vida, vaise desmoronando o tinglado ficticio que a tiña asoballada.

Galicia comenza xa a darse conta do que é, do que ten e do que lle pertence. Cinco séculos de bárbaro centralismo, de dominación extranxeira fixeron que Galicia deixase conta de que non debe ser unha colonia, ten de ser unha nazonalidade dona de si e dos seus dereitos. O nazonalismo redentor, o dereito a ser, afínase cada vez mais no corazón dos bós galegos e chegará

tamén aos dos que non queren decatarse do feito real e existente.

Galicia será ceibe, non en balde cantárono os profetas da terra no século pasado; as somas de Rosalia, Pondal, Curros e Brañas alentan aos novos loitadores e danlles folgos pra conqueril-o trunfo que lateza en todos os peitos galegos. Non vai pechal-os ollos á realidade. ¡Xa chegaron os tempos!

¡Terra a Nosa!

VICTOR CASAS.

NA CATEDRAL

(Ollando o Pórtico da Gloria)

O sol poñente pol-as vidreiras
D'a Soledade, lanza serelos
Rayos que firen descoloridos
D'a Gloria os ángeles y-o Padre Eterno.
Santos e apóstoles, védeos!, parecen
Qu'os labios moveñ, que falan quedo
Os uns cos outros, e aló na altura
D'o ceu a música vai dar comenzo,
Pois os gloriosos concertadores
Tempran risóns os instrumentos.

¿Estarán vivos? ¿serán de pedra?
¡Aqués sembrantes tan verdadeiros,
Aquelas túnicas maravillosas,
Aquelles ollos de vida cheos?
Vos qu'os fixeche de Dios c'axuda
D'inmortal nome, Mestre Mateo,
Xa, qu'ahí quedaches humildemente
Axionllado, falaimo d'eso:
Mais c'o eses vosos cabelos rixos
"Santo dos croques", calás... y-eu rezo.

Aquí está a Gloria, mais, n'aquel lado
N'aquela arcada, negrexa o inferno
C'as almas tristes dos condenados,
Ond'as deveran todos os demos.
D'alí non podo quitál-os ollos,
Mitá asombrada, mitá con medo,
Qu'aqueles todos se me figuran,
Os d'un delirio, mortaes espektros.

Mas xa nos vidros da grand'arafia
Cai o postreiro
Rayo tranquilo qu'ó sol da tarde
Pousa serelo:
E en cada prancha da arafia xúrdia
Vivos refrexos
Escintillando com'as estrelas,
Pintan mil cores no chan caendo,
E fan que a tola da fantasía,
Soñe miragres, finxa portentos,
Mas de repente veñen as sombras,
¡Pod'é negrura, tod'é misterio,
Adios alxofres, e maravillas...
Trás do Pedroso púxose Febo.

ROSALIA CASTRO. †

Rosalia Castro



*"Premita D'os, castellanos,
Castellanos que aborrezo,
Que antes os galegos morran
Que ti a pidiros sustento....
....¡Probe Galicia! Non debes
Chamarte nunca española,
Que España de ti se'lvida...."*

Un camiño

É necesario erguer a persoa da gallega pol-o cultivo da lingua natural. Temos que bruar, temos que mallar no lombo dos no-

scos, dos gállegos que s'asañan d'oir a doce fala de Rosalia... ¿E quen lle pon o cascabel ó gato?...

Hai que començar pol-os d'enriba. O primeiro é facer qu'entendan a parolar en galego; o segundo, que non s'asañen de

falar como falan os aldeáns, como falan os 'que da aldea viñéronse pr'a vila. Hai que lles decir que si non queren espresarse en galego, porque os d'abaixo en galego falan, terán que usaren d'outro idioma que non sexa o "castellano", pois en "castellano" falan os d'abaixo en Castela. Hai que lles perguntar si non comen pol-a boca como tod'o mundo, e si non fan tódol-os mestéres naturais como os demais, probes e ricos, sabidos e parvos. Hai que lles encendél-as meixelas d'as cores da vergonza, non dándolles unha fala en "castellano", así nas ruas, como nos paseos, no teatro e nas reunións, e bulrarse con moito aquel dos "barbarismos" e "solecismos" que ceiban a feixe cando aldraxan a lingua de Cervantes.

Pra semellante traballo fai falla unha lexión sagra de rapazas e mozos, xente escolleita, capaz de facer esa "revolución desde arriba", como dixo Maura; fai falla celebrar festas gallegas que despertén envexa pol-a súa grandeza; fai falla publicar follas frecuentes e millor a cotío que traten de artes, ciencia, literatura, modas, etcétera, de todo agás de chorar nin en prosa nin en verso; que xa estamos fartos d'ouvir reconconios de ¡pobre Galicia! ¡triste pombiña!

MANOEL COMELLAS.

Disonancia e consonancia

[...A "estridencia" nacionalista resólvese como un acorde disonante n'unha consonancia federalista. No caso concreto de que tratamos, no caso de Galicia n'unha federación ibérica, mais grande, mais fecunda qu'esta unidade de fora (xa ven vella) que se chama o reino unido de Castela e Aragón, feita no século XV pol-os Reis Católicos, que mais val esquecer, n'esta terra qu'eles asovallaron.

JOHAN V. VIQUEIRA.

A mais grande colección de Tarxetas Postaes

CON

VISTAS DA CRUÑA



Tipos, Costumes e Paisaxes de Galicia


Artigos d-Escritorio, Dibujo, Pintura e Fotografía. Aparatos e Discos Gramófono. Paté e Fadas

TALLERES DE FOTOGRAFADO

Papelería de Ferrer-Real, 61-A Cruña

ÓPTICA DE PRECISIÓN
Casa Lázaro
Bailán, 14 - A Cruña

Unica Casa que dispón da maquinaria completa pra inmediata execución das recetas dos señores oculistas e completo surtido de cristais.



REPARA LOS
O DIA

MÍSTICA DISERTACIÓN

na que se decrara o simbolismo y-espirtual
sinificado que ten a vida groriosa do Santo
Apóstol San Yago, así como a festa
que hoxe principia a celebrare
a nazón galega

O día do Apóstol Sant'Yago é a festa da Patria Galega, a nosa Festa Nacional... Compre que todos se decaten da trascendencia que esto ten... Falo da trascendencia espirtual, pro sábese ben que o movemento dos espirtos precede a toda realización na orde dos feitos. Se nós queremos o engrandecemento de Galicia, de todol-os xeitos, primeiro temos que facerlle tomar conciencia de si mesma.

Pra faguer 'tomar' a un pobo conciencia de si mesmo, bótase man 'da historia. A historia é a maestra da vida, non sómentes pola sua eixempraridade; non sómentes por ser o presente e mais o porvire meiros desenlaces do pasado; non sómentes por contañel-as leises biolóxicas dos organismos colectivos; a historia é a maestra da vida, pola sua sinificación mística e simbólica. E iste un aspecto da historia que hastra d'agora se non estudiou d'un xeito coscente...

O simbolismo histórico sintetiza e resume unha época, ou un pobo, ou unha civilización ou rama da humana autividade, sexa n'un feito, sexa n'un moimento, sexa n'un persoa... Yestes ipersoaxes, estas figuras individuais nas que se resume un esforzo, unha cultura, un pobo, unha época, son os que Emerson chama "representative men".

O Apóstol Sant'Iago é unha das figuras de mais amplo simbolismo que se podía achare na historia. Foino pra toda Europa, foino pra Hespaña inteira; hoxe é-o sómentes pra nós... Voltará a selo pra todol-os pobos da veira do Atlántico... Sant'Yago, Artús, Don Sebastián, tres entidades históricas das que a fé dos pobos occidentales fixo tres mites augustos, tres sombras de Saudade e d'Espranza que nós, os celtas do Sul, hemos proieutar sobre do Futuro.

Sant'Yago xudio da Terra Santa, da tribu de Xudá e da Casa de David, corman do Noso Señor, sangue escoiteito d'Israel, ten conosco o mais outo parentesco: o que a Eirexa chama parentesco espirtual, e qu'e siste antr'o padriño y-o 'bautizado. Sant'Yago é o noso Padriño augusto, o noso San Patricio, e nós, os galegos, somos afllaços seus. Sant'Yago de Galicia, chamábanlle os europeos, e Terra de Sant'Yago á Terra nosa...

Sant'Yago pelengrino, adornado con valvas de vieira collidas no noso Mar, no Atlántico Sagrado das lembranzas de misterio, mar tenebroso das leendas, das terras solagadas, das encantadas illas, representa a y-alma viaxeira da nosa Raza 'dada a s'exilar en lonxes terras, a correl-as Sete Partidas do Mundo, pra dend'aló saiaiar de saudade polo fogar lontano...

Sant'Yago deitado na cova en Compostela —o noso Santo Sepulcro— simboliza a y-alma da nosa Terra, sepultada, como-a brasa nas cinzas da lareira, baixo o pó da inorancia, dos prexulcios, do desleigamento e da cobardía; baixo os descombros d'unha civilización estraña e nemiga que nos foi imposta pola presión dominadora de Castela... Santo Sepulcro que velamos nós, do que agardamos unha resurrección groriosa porqu'el dorme con Sant'Yago, coma con Artús en Avalon, coma con Don Sebastián na Illa Encoberta, a sagrada alma celta da Terra galega.

E ise Santo Sepulcro, fai de Compostela a Hierusalem d'Occidente, a Hierusalem atlántica. Y-esi coma a outra Hierusalem do Oriente foi posta coma centro e "omphalos" do Mundo, nas cartas xeográficas da Idade Media, esi agora, coñecida a América, é Compostela, a Hierusalem d'Occidente a que fica mais perto do centro xeomé-

trico das terras continentales, do hemisferio de terra, oposto ó hemisferio d'auga, sóbor do que s'estende o Mar do Sul, descuberto polo noso Balboa. E d'iste xeito o verdadeiro "omphalos" do Mundo, e debe-ra set-a cabeza da civilización atlántica, que nós os celtas hemos espallar pol-a terra.

Sant'Yago, aparecéndose nos aires n'un cabalo braneo, coor das neves hiperbóreas d'onde os celtas viñemos, igual que o cabalo de Odin, o deus escandinavo, pr'axudar ós cristiáns contra dos mouros, sinifica ainda outra cousa. Sinifica a vitoria da nosa raza loira do Norte contra das razas escuras do Sul.

A batalla de Clavixo foi un novo encontro na loita eterna dos Tuatha de Danaid —os loiros boreaes, os "celtas"— contra dos Fir-bóigs —os morenos e dolicocefalos eu-roafricanos, os "iberos". Nela triunfou a civilización europea da barbarie africana. De novo loitan ises dous elementos étnicos: de novo andamos os celtas a reconqueril-a Nosa Terra. Voltará pr'axudar ós gardiás do seu Sepulcro o Santo Apóstol, polos aires, no cabalo branco cantado nas Sagas do Norte e nos poemas dos Bardos?

Finalmente, o Sepulcro do Santo Apóstol Sant'Yago trouxo a Galicia un tempo a Europa inteira: eiqui viñeron Guernerme de Normandia y-o Papa Calisto; San Francisco d'Asis e Guido Cavalcanti; o Barón de Rosmihal e Van Eijck... Italia, a Alemaña, a Inglaterra, a Irlanda, Flandes, a Cabaleria, a Poesía, a Cencia, a Eirexa, a Arte, o Misticismo: toda a civilización europea... A Eirexa Apostólica de Compostela é o fudo simbólico que nos xunge coa Europa e coa cultura europea directamente, e independentementes do resto da Hespaña; querre decir que Galicia é antes europea do que hespañola, antes universal do que ibérica, maestra y-espello da Hespaña por todol-os séculos.

O faguel-a nosa festa nacional no día do Santo Apóstol, afirmamol-a nosa comunidade d'orixe e civilización cos pobos euras d'Europa; afirmamol-a nosa tradición occidental y-o futuro destino atlántico; veneramos á y-alma sagrada da Nosa Terra en culto de Lembranza e d'Espranza, misteca e creadora Saudade.

VICENTE RISCO.

Ourense, Mes de Santiago de 1920.

CAMISERÍA

— DE —

ENRIQUE ROCA

Real, 28

A CRUÑA

Compra e venda de máquinas de coser, reparacións, venda de pezas, agullas e aceites

Taller de Reloxería

— DE —

MANUEL PELLEJERO

San Andrés, 46

A CRUÑA

Si queredes facer un traxe bon e barato, visitade a

SASTRERÍA

— DE —

XESÚS TRAVIESO

San Andrés, 19-1.º

A CRUÑA

O NOSO VELLIÑO PATRIARCA



"Gozando de tódalas ventaxas do réxime local viviu Galicia até o século XIX. Nos tempos mais gloriosos para Hespaña—séculos XIV e XVII—vivían as Principaes nazonalidades españolas baixo o goberno propio de cada unha. Inda tendo elas Exército i-Escuadra rexionaes, tendo Tesouro de seu, autonomía combreta pra todol-os servicios públicos, non houbo en ningures perigo da vida do Estado hespañol. E, verdadeiramente, non sabemos que haxa deixado de se gañar a batalla de Lepanto porque a capitol de Galicia estivese ergueita, cal o estaba, a bandeira galega en vez da de Castela..."

NOSA FALA

¿Y-a que ven ora o labrego?
Ai, amantiños, ben cego
é o que non ve pol-a criha:
ven a louvar o gallego!,
ven pra que o gallego viva.

Nosa fala é un paxariño
que adoita faguel-o niño
no seo d'o hírsuto monte,
ben na pola d'un espiño,
ben á beira d'unha fonte.

Frolíña é, que non extraña
os ermos, e ben s'engaña
quen se desviva por ela,
si entr'os toxos d'a montaña
non s'espíñou pra collei-a

Y-é rigueiriño que corre
mentral-a sombra o socorre
d'algún mesto piñeiral:
faltall'o agarimo... e morre
antes de chegar ó val.

Y-é piorno (que d'aurora
recolle o pranto y-a lus);
en gallego, cando chora,
lle canta nosa Señora,
pra que adormeza, a Xesús.

O gallego é un suspiño,
lé a cousa máis meiga que hay!
é o linguaxe amorosiño
en que oín decir: "filiño!..."
de beizos de miña mai.

E faliña que aloumáña,
que o noso corazón move
pra que atallemos axiña
os salouquiños d'o probe
co-a gracia d'unha esmolíña.

Y-é un tan ansioso faer
que logra sobrepuxar,
a saudosa tristura
d'aestrelíña d'a fartura,
e d'as noites de luar

A devoción y-a delor
sean sempre ó seu favor!,
eu moito a venero, e creyo
que solamente no ceo
pode haber fala mellor.

ANTONIO NORIEGA VARELA

IGNACIO PEDREGAL

A CRUÑA

VIGO

Cemento "ASLAND"

☒ Materiaes de Costruzón ☒ Madeiras ☒ Carbós ☒

Centro Xeral de Seguros

Comisiós e Consinaciós

Saude e Patria

¡Saude Irmans! Os da Patria i-ós de fora; ós sedentarios i-ós nómadas por vicio da raza; ós alonxados pol-a propia vounidade i-ós deterrados pol-a mourenza do vi-
vir.

¡Saude Irmáns!

Oxe é o día da Galicia.

Oxe é o noso día.

Porque nos pebes a soberbia e santa e a humildade vergoñosa; i-eu teño a i-alma chea d'unha soberbia que me fai derrar con Risco:

¡Galicia somos nós!

...

Meu día das lembranzas

Pr'os amigos...

Pr'os namigos...

...

¡Meus amigos! ¡Irmans meus na loita e no sufrir!

Qu'a i-alma forte da Terra encarne en nós.

Qu'o exemplo vivente da mártir Irlanda sexa o agullón que avive as nosas rebeirías; a leña que mantén aceso o lume sagro das nosas espranzas; a pólvora que faga xurdir todol-os odios e total-as ven-

CONSELLOS DE CAMBÓ

No que os nazionalistas han poñeren mais forza é na conservación, extensión e perfeición da lingoa.

Unha lingoa non é sementes o instrumento vulgar pra nós entendere; é a expresión da i-alma colectiva d'un povo.

Un povo que se non espresen no idioma de seu, é un povo que vai morrendo por dentro.

Un povo qu'esquencia o propio idioma, vai perdendo a súa sensibilidade espiritual, pois no idioma alleo pódense expresar as ideas, mas non os matices, as maneiras de sentir as ideas xeraes que iso sementes espresase no idioma nacional.

Que vos dea azos o noso exemplo. Tamén Cataluña tiña perdido case que por completo o uso do propio idioma, habíase escomenzado os intelectuales, nosa aristocracia intelectual, por abandonalo. Desaparecera case que o catalán das cidades, i-estaba refuxiado no campo, e inda no campo había indicios d'abandono.

E un día, nosos intelectuales, cal se qui-

Todo galego que traballe pol-o engrandecemento da súa terra que non arrenegue do nazionalismo, porque é inconsciente consigo mesmo. El está preparando o triunfo do ideyal nazionalista que repudia. Que os movementos nazionalistas son integraes i-abranguen todol-os xeitos.

FRANCISCO CAMBO.

Novas da causa

Por ter triunfado como concellal, agasallouse c'un xantar no "Hotel Londres" da Cruña ó noso querido irmán Lois Pena Novo.

Ofrecen o xantar de xeito sinxelo e cordial, Cabros Monasterio. Logo faláron Cabanillas, Bermúdez, Moreda e Vilar Ponte.

Derradeiramente dou gracias pol-o agasallo n'un curio i-elocuente brindis o anfitrión.

Finou o xantar c'o berro ¡Terra a Nosa!

Na Semana Municipal de Barcelona, na que pra vergoña nosa non tivo delegación persoal ningunha ningún Municipio galego, acordouse a desaparición da representación por parroquia, agás en Galicia, por razóns d'organización local.

Queda, pois, reconecida a parroquia, na nosa Terra, semente, por todol-os Municipi-

LA PRECISIÓN

San Andrés, 17

Surtido completo en toda cras de relojes, bisutería de Eibar, xoyas «FIX», cronómetros e óptica. Amáñanse Reloxes, Gramófonos, Máquinas Fotográficas, etc.

ganzas amontoadas durante séculos d'es-
cravidude, na i-alma eterna da Galicia.

Xa se erguen na Austria os bós labregos.

Eu, fillo da vila desgaleguizada, teño medo por min.

Mais estou ledo por Galicia.

Hay señales no ceo...

...

E vos, namigos castelanizados e caste-
lizantes, sabede que sentimos a ledicia dos vosos insultos.

Que desexamos o voso odio.

Sabede que morreu a lenda imbécil da Galicia humilde.

Sabede que na i-alma das novas xene-
racións non aniñan mais que dous sentimen-
tos: Amor e odio.

¡Quizais non sexan mais qu'un soyo
sentimento!

Gardade pro vos a mentira da humida-
da.

Cubride con ela as dispideces das vosas
conciencias de Xudas.

¡Eunucos sin corazón e sin alma!

Sodes a carroña, que deitada ó longo
do noso camiño, desfai en fedentes ana-
cos baixo as rodas do noso carro triunfal.

¡Eu vos escupo e vos maldigo!

FRANCISCO ABELAIRA.

xeran reparar o pecado dos seus predece-
sores iniciaron o renacemento do catalán.
Oxe o noso idioma impera nos campos e
nas cidades. Espresamos co'el todol-os no-
sos pensamentos.

Y-en catalán falamos, i-en catalán escre-
vimos e pra as espresións mais nobres do
pensamento, usámos o catalán. E dende
que o catalán recobrou o trono no curazón
de todos nós, nosa raza é mais forte e sen-
tímonos con vitalidade rexa.

Dígovos, galegos, que non esqueza-
des agora o voso idioma, que o día que o voso
idioma morrese, habería en Galicia homes,
mas non cidadáns; habería na Galicia un
territorio, mas non un povo; a liberdade
non podería froterse entre vosco porque
teríades deixado de ser merecentes d'ela.

Y-eu inda vos aconsello que sintades o
orgullo da vosa raza. A modestia é boa no
individo, mas é pecado mortal n'un povo.
E Galicia como povo ten a homildade da
escravidude. Non debedes avergoñaros de
ser galegos, diante de ningún país do
mundo. Tedes que pensar que a vosa raza
é a primeira da Terra e traballáredes pra
que a seia: E inda vosos defeutos, se son
proprios, debedes estimalos, namentres tra-
ballais pra correxilos vós mesmos.

pios de Hespaña, tendo en conta unha con-
crusión da Asambrea nazionalista de Lugo.

C'o título "A nosa Terra" i.Catalunya,
"La Revista" de Barcelona fala do xeito
cordial que nós os nazionalistas galegos te-
mos pra nos decatare das arelas d'autono-
mía e independencia catalanas, e nos dona
"ipso facto" o seu reconecimento.

Pra a única nazionalidade da Hespaña
que Galicia ten, por obriga de gratitude,
un fondo a sinxelo amore é pra catalana.
Semente vós, agora coma de cote, fillos
da nobre i-exempran Cataluña tivéchedes
pra os galegos simpatía garimosa.


As terras castelás enchéronos sempre
d'aldraxes e terán de nós seguir enchendo
namentres nós, co'a nosa personalidade co-
lectiva reconstruída, non os poñamos en pe.

En Portugal i-en Cataluña é onde bus-
camos fraternidade.

A pregos do concellal galeguista de Vigo
e notable escritor Avelino Rodríguez Elias,
o Concello d'aquela cidade acordou darlles
o nome de "Martín Codax", "Os Irmandi-
nos" e "Alfredo-Brañas" a tres ruas d'Alf.

Inda que paseniñamente, a galeguización
faíse camiño.

PONDAL



"A nobre Lusitania — Os brazos tende amigos
Aos etdos ben antigos — Con un punxente alán.
Pois cumpre as vaguedades — Dos teus zoantes pinos
D'uns máxtos destinos — nazón de Breogán."

Cántiga de montaña

Terra fera, terra fera,
terra brava, terra brava,
montes que acóuga-l-o lobo
lcoma pra min es garrida,
niña garrida, Montaña,
tobo da gallega razal

Dín os que te non conocen
que eres fera e ideseigada,
e os fillos dos vaís froridos
inda pensan que te aldraxan
cando din con certa aquela:

—Bó! A Montaña

A Montaña! Deus m'a dea

tal coma e, moufeira e brava,
c'o seu orballar contino,
eas suas carqueixas verdes,
eas suas xestas medradas,
eas seus tocos amarelos,
eas suas carballeiras altas,
porque en, que sol apreciara,
pol-a Montaña, telouco.

—Ay! A Montaña!

De Traseguelos a Curtis,
dende Vilacoba a Aranga,
dende Monfeto a Sobrado,
dende Libureiro a Cãldas,
dende Santiago a Melide
teñoa toda, paseada,
e canto mais vivo n'ela
mais desato non deixala.

Enxebre, leyal e forte
erlase eiqui a posa raza,
e a y-alma gallega alenta
nas eobas enfeitizadas
que gardan as lendas d'ouro
d'ista Montaña.

N'ela troufa o verbo máxico
rico e brioso da fala
que nos labros dos da aldea
ten mexeza tan sobrana
o mesmo cando acorina,
que cando flicente estrala
como cadeiro de lume
que ten raios por palabras.
Díngoa dina de tal xente,
lugoa dina de tal raza,
que non morre en tanto teña
no seu da sua terra brava
o niño feito c'os seixos
d'ista Montaña.

Da montaña honos de vire
a feticceira alborada
que o noso día de gloria
anuncia con todas cantigas.
Se inda non estamos mortos
é porque ista terra amada
todo o que sempre foi noso
Montaña dos meus amores,
gardou, coma en arca santa,
layal e firme Montaña,

La Sopera

San Andrés, 7

A Cruña



Gran almacén de louza e cristal

Figuras artísticas

Primeira casa en artigos de fantasía

Frores artificiales

Filtros de amianto

e oúxetos pra regalos

Os Mortos mandan

María Pita

Nos murallóns da Cruña ergueu airosa
a fronte sua diante do estranxeiro;
sostiña n'unha man taxante aceiro,
n'outra man bandeira vitoriosa:
así loitou valente e xenerosa,
corpo a corpo c'o inglés que ousou primeiro
domeñar o valor do chao ibeiro,
pra mór iniquidá na Terra nosa.

Ao fin venceu: a causa da xusticia
contra a torpe invasión forza é que venza;
trunfou o patriotismo da codicia:
seipan cantos nos ven con indiferenza,
que tamén hai mulleres na Galicia
que loitan pol-a nosa INDEPENDENZA.

Pardo de Cela

Hai unha cova n'esta Pátria fermosa,
pra vergoña do povo escarnecida;
